



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA

DIA 11 DE SETEMBRO DE 2015

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 13.00 horas do día 11 de setembro de 2015; a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

D^a. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. José María Pérez Lagos, D^a. Nelly Iglesias Rey, D^a Lorena Suárez Pardo; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria do Concello Carmen Gómez Otero.

ORDE DO DÍA

1.- PUNTO ÚNICO.- INFORMACIÓN SOBRE A REVISIÓN CATASTRAL NO CONCELLO DE FRADES.- Expón este punto o portavoz do BNG D. José María Pérez Lagos, cuio grupo solicitou a convocatoria desta Sesión, sinalando que “(...) Ante a alarma social creada en Frades polas cartas recibidas polos veciños deste Concello e ante a escasa información pública do mesmo solicitamos que se informe en Pleno todo o acontecido respecto a este asunto (...)”“(...) Necesitamos saber por que os veciños teñen que aboar os sesenta euros (...)”

“(...) Por tanto solicitamos neste Pleno, información detallada sobre os pasos que se seguiron na revisión catastral no Concello de Frades e si se puido evitar ese custo ás familias.

- Data da orde administrativa onde se informa por parte do catastro da revisión no Concello de Frades.
- Cales foron os motivos para non informaren en Pleno nin en Comisión de Goberno deste asunto de máximo interese.
- Cales son os motivos polos que non se informou á veciñanza para que actualizasen as súas novas edificacións e así non ter que asumir agora uns custos innecesarios.
- ¿ Que busca o Concello de Frades ocultando esa información?
- ¿ Obtén o Goberno algún beneficio polo recibo dos 60 euros?
- ¿ Que vai a pasar coas persoas que poidan estar en malas condicións económicas? ¿ Vai o Concello a asumir ese gasto?
- ¿ Houbo deixades por parte do Goberno Municipal?



Concello de FRADES

*Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)*

*Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es*

Contesta o Sr. Alcalde que dende o Concello de Frades púxose en coñecemento o Informe sobre a regularización catastral 2013-2016. A regularización catastral non implica a priori un procedemento de revisión catastral. O procedemento de regularización catastral desenvólvese de oficio pola Dirección Xeral do Catastro. Este procedemento debe iniciarse antes do 1 de xaneiro de 2016. O Concello de Frades, atópase na mesma situación que o resto dos 29 Concellos aos que afecta o mesmo.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao concelleiro do BNG, D. José María Pérez Lagos que intervén para dicir que polas obras que non están en Catastro, aínda que teñan permiso do Concello, hai que pagar 60 euros. ¿Por que non se informou cun aviso á xente de que tiñan que regularizar a súa situación?

Intervén o Sr. Alcalde para explicar que cando un veciño fai unha casa, debe presentar un proxecto e a documentación no Concello, e, unha vez concedida a licencia e feita a casa, o propietario debe ir ao catastro a dala de alta. É un trámite que ten que facer o particular. Por iso os atrasos veñen de ata catro anos, porque se non se da de alta polo particular, o catastro faino de oficio con efectos retroactivos. O Concello estivo á disposición da xente para informalos, e asesoralos en todo. En canto ás persoas que poidan estar nunha situación económica difícil, serán os Servizos Sociais do Concello os que tratarán de facer fronte á mesma na medida das posibilidades.

Esta situación sucedeu en Ordes no 2013, sucedeu en numerosos Concellos.

O Sr. Alcalde dálle a palabra á concelleira do BNG, Dona Nelly Iglesias Rey que pregunta se para renovar un tellado hai que dar conta ao catastro. O Sr. Alcalde contesta que so as obras que supoñan unha alteración catastral son as que haberá que comunicar ao catastro. Sempre que se altere o valor catastral das mesmas.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde levanta a sesión cando son as 13,18 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo.: Carmen Gómez Otero